

UNIDAD DIDÁCTICA 5: EQUIPOS DE TRABAJO E A TOMA DE DECISIONS



ÍNDICE

1. AS RELACIÓNS HUMANAS NA EMPRESA.....	1
1.1. FACTORES INTERNOS OU PERSOAIS.....	2
1.2. FACTORES EXTERNOS.....	2
2. EQUIPOS DE TRABAJO.....	2
2.1. CARACTERÍSTICAS DOS EQUIPOS DE TRABAJO.....	2
2.2. EVOLUCIÓN DOS EQUIPOS DE TRABAJO.....	2
2.3. FUNCIÓNS DO EQUIPO DE TRABAJO.....	3
2.4. TIPOS DE EQUIPOS DE TRABAJO.....	3
3. CONDICIÓNS PARA QUE UN EQUIPO DE TRABAJO SEXA EFICAZ.....	3
4. METODOLOXÍAS PARA TRABALLAR EN EQUIPO.....	3
6. TIPOS DE ROLES.....	4

1. AS RELACIÓNS HUMANAS NA EMPRESA

As persoas tendemos a formar parte de grupos para satisfacer necesidades persoais e obter seguridade. Nas empresas, o traballo en equipo é unha das aptitudes máis valoradas debido á complexidade das actividades actuais. Estas relacións laborais dependen de dous tipos de factores: internos e externos.

1.1. FACTORES INTERNOS OU PERSOAIS

Son elementos propios da persoa que inflúen en como se relaciona:

- **Personalidade:** Fainos responder de diferente maneira ante unha mesma situación.
- **Actitudes:** cada un ten una predisposición para responder positiva ou negativamente ante un feito ou persoa.
- **Prexuícios:** son opinións preconcebidas cara persoas, grupos, obxectos... baseada únicamente en estereotipos, en xeralizacións simplificadas que poden ser favorables ou adversas.
- **Afectos:** Preferimos tratar con personas que nos aportan algo positivo e rechazamos a quenes non nos recompensan.
- **Solidaridade:** Sentimento de axuda ós demais.

1.2. FACTORES EXTERNOS.

Son feitos alleos á forma de ser do individuo, como o **tipo e tamaño da empresa**, a **organización do traballo** e o nivel de **responsabilidade e participación** que se lle permite ao traballador.

2. EQUIPOS DE TRABALLO

Un equipo de traballo defínese como un conxunto de persoas que interactúan directamente para lograr un obxectivo común mediante normas acordadas por todos.

2.1. CARACTERÍSTICAS DOS EQUIPOS DE TRABALLO

- **Obxectivos comúns**
- **Interacción** entre membros
- **Normas de funcionamento**
- **Alto compromiso**
- **Comunicación fluída**
- Xeración de **sinerxías** (o resultado grupal é superior á suma dos individuais)

2.2. EVOLUCIÓN DOS EQUIPOS DE TRABALLO

Os equipos pasan por varias etapas ó longo do seu desenvolvemento:

- Creación e orientación ou etapa de coñecemento.
- Establecemento de normas.
- Solución de conflitos (etapa de axuste).
- Eficiencia e rendemento (madurez para acadar retos con creatividade).

2.3. FUNCIÓNS DO EQUIPO DE TRABALLO

- Desde o punto de vista da empresa, serven para xestionar información, mellorar a calidade e coordinar esforzos.
- Para o traballador ou traballadora, satisfán necesidades sociais, reducen o estrés e aumentan a motivación.

2.4. TIPOS DE EQUIPOS DE TRABALLO

Segundo duración: Permanentes ou temporais (ad hoc).

- **Segundo formalidade:** Formais (oficiais) ou Informais (espontáneos).
- **Segundo xerarquía:** Horizontais (mesmo nivel) ou Verticais (diferentes niveis).
- **Modelos específicos:** Círculos de calidade, Equipos de alto rendemento (moi autónomos) ou Equipos de mellora.

3. CONDICIÓNS PARA QUE UN EQUIPO DE TRABALLO SEXA EFICAZ

Para o éxito requírese:

- Liderado efectivo.
- Obxectivos "SMART" (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e con tempo).
- Comunicación aberta.
- Confianza mutua.
- Recoñecemento do traballo.
- Formación adecuada dos seus membros.

4. METODOLOXÍAS PARA TRABALLAR EN EQUIPO

Son técnicas (dinámicas de grupo) para facilitar a participación:

- **Phillips 6/6:** Dividir un grupo grande en subgrupos de 6 para discutir 6 minutos e sacar conclusións rápidas.
- **Tormenta de ideas:** Producción masiva de ideas sen censura previa.
- **Role Playing:** Simular situacións reais cambiando os papeis para fomentar a empatía.
- **Estudo de casos:** Analizar un problema real para buscar solucións colectivas.

5. O INDIVIDUO DENTRO DO EQUIPO DE TRABALLO

A eficacia depende de como se encaixen as pezas. Cada persoa aporta as súas capacidades e asume un **rol**. O equilibrio entre as necesidades individuais e as do grupo é clave para evitar frustracións.

6. TIPOS DE ROLES

Según o contexto, unha mesma persoa pode desempeñar diferentes papeis ou roles (nai/filla, compañeiro de clase/profesor...).

Dentro un equipo existen diferentes roles segundo o papel que asuman os seus integrantes.

Existen múltiples roles. Nós imos diferenciar entre roles facilitadores e obstaculizadores.

Roles facilitadores:

- *De acción:* Impulsor, realizador, rematador.
- *Sociais:* Coordinador, investigador de recursos, cohesionador.
- *Mentais:* Creador (ideas), evaluador (crítica construtiva), especialista.

Roles obstaculizadores:

- Dominador
- Opositor
- Pasivo
- Charlatán
- Agresor
- Sabelotodo

7. VENTAXAS E INCONVINTES DO TRABAJO EN EQUIPO

Vantaxes:

- Maior creatividade
- Mellor aceptación das decisións
- Aprendizaxe mutua
- Menos ansiedade ante riscos compartidos
- Maior capacidade para afrontar tarefas complexas

Inconvenientes:

- Lentitude na toma de decisións por falta de consenso
- Aparición de conflitos persoais
- Risco de que algúns membros "se deixen levar" sen traballar
- Necesidade de que todos teñan habilidades de comunicación (que non sempre existen)